Revista trimestral
A Coruña_decembro_2018

# Raquel Camacho



RECEITAS DE TEMPADA

## RICO, RICO

As sobremesas máis deliciosas

ENCONTROS LITERARIOS

## AUTORAS NA BIBLIO

Fálannos dos seus libros

RECOMENDACIÓNS

## QUE LER?

Libros para as vacacións de Nadal

DISPOÑIBLE A VERSIÓN INTERACTIVA NA WEB

O NOSO VIVEIRO 2.0. EXPRESS

RECEITAS DE TEMPADA

# RICO, RICO

Nalgunhas aulas usaron bastante o forno neste trimestre. Aquí vos deixamos dúas das moitas receitas que elaboraramos con moito fundamento. Hummm!

## CASTAÑAS CON CHOCOLATE

Ingredientes:

- Castañas asadas ou cocidas peladas.
- 1 tableta de chocolate.

Modo de preparación:

Derrete o chocolate, baña as castañas, colócaas nun prato. Logo, á neveira unha media hora ata que se arrefría o chocolate. Se non hai présa, pódelo facer a temperatura ambiente. + INFO: Galería da web

## GALLETAS DE SAMAÍN

Ingredientes:

- 500 g de fariña
- 250 g de azucre.
- 300 g de manteiga.

Modo de preparación:

Mestura coa culler o azucre, a manteiga e a fariña. Coa masa modela boliñas e esmágaas un chisco. Recorta con moldes de figuras do Samaín e para o forno a 180ºC durante 15 minutos. + INFO: Galería ■



VISITÁRONNOS ESTE TRIMESTRE

# AUTORAS NA BIBLIO

## Ledicia Costas, Mercedes Queixas e Andrea Barreira. Fíxate na sorte que temos neste cole: lemos un libros na clase e despois podemos compartir impresións, nada máis e nada menos, que coa propia autora.




**Mercedes Queixas Zas** xa vai na segunda impresión do seu libro "Xandra, a landra que quería voar". Zoe e Antón, das aulas de 2ºA e 2ºB de Educación Primaria, actuaron como grandes xornalistas, conversando con ela. Podes ver a entrevista enteira na canle de YouTube do colexio.




Brenda e Thais, de 6ºA e 6ºB, falaron con **Andrea Barreira Freije** sobre proceso de creación, das súas afeccións, inquedanzas, ilusións, libros favoritos e, por suposto, do seu: Non hai luz sen escuridade.

Tamén nos visitou a Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil, **Ledicia Costas**, hai uns días.■


Mercedes Queixas Zas
@MercedesQueixas

Que fortuna continuar a voar con #Xandra de póla en póla!
Próximo punto de encontro!
Tan agradecida aos vosos ollos! @urcoeditora

CEIP Raquel Camacho @CEIP_R_Camacho
O alumnado de 2º de Primaria vai ler un libro sobre unha landra e o de 6º sobre unha princesa. E sabedes que? As autoras deses dous libros van vir á nosa biblio neste trimestre. bibliotkrc.blogspot.com/2018/10/unha-l...

### CANTOS ANOS CUMPRE O NOSO COLEXIO?

# QUE SE AGOCHA AQUÍ?

Se coloreas os lugares onde están colocados os números 1, 2 e 3, aparecerá outra cifra importante. Algo que nos agarda o vindeiro ano 2019 no noso colexio.



MOMENTO PARA A CONCENTRACIÓN E O RELAX

# MANDALA CO APALPADOR

Colle lapis de cores ou rotuladores de punta fina, pon música tranquila e vai coloreando devagar esta fermosa mandala co noso amigo. Shhhh...



## VEÑA, ATRÉVETE CON ESTES XOGOS

# PASATEMPOS

Xa sabes que, no proxecto para Voz Natura, estamos a coñecer as árbores. Por iso, as sopas de letras van sobre iso. A primeira é a sinxela, pero trata de facer a outra!

## SOPAS DE LETRAS

Atopa 10 árbores no barullo de letras.

**Dificultade SINXELA**

AMENDOEIRA
AMEIXEIRA
CASTIÑEIRO
CERDEIRA
FIGUEIRA
LARANXEIRA
LIMOEIRO
NOGUEIRA
PEREIRA
VIDE

| | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| F | S | C | E | R | D | E | I | R | A |
| D | P | E | R | E | I | R | A | T | C |
| A | M | E | N | D | O | E | I | R | A |
| X | N | O | G | U | E | I | R | A | X |
| C | A | S | T | I | Ñ | E | I | R | O |
| V | F | L | I | M | O | E | I | R | O |
| D | B | S | M | F | V | V | I | D | E |
| A | M | E | I | X | E | I | R | A | D |
| S | X | F | I | G | U | E | I | R | A |
| L | A | R | A | N | X | E | I | R | A |

As árbores mudan durante o ano. Atopa os 12 meses que o compoñen.

| | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| F | M | S | B | C | X | W | M | D | S |
| E | Z | S | A | X | V | A | A | N | C |
| B | D | E | C | E | M | B | R | O | M |
| R | B | T | S | X | Z | R | Z | V | X |
| E | F | E | M | V | T | I | O | E | U |
| I | V | M | A | I | O | L | Z | M | L |
| R | B | B | C | M | S | X | D | B | L |
| O | M | R | O | U | T | U | B | R | O |
| A | G | O | S | T | O | Ñ | X | O | V |
| X | A | N | E | I | R | O | M | C | B |

**Dificultade MEDIA**

ABRIL, AGOSTO
DECEMBRO, FEBREIRO
MAIO, MARZO
NOVEMBRO, OUTUBRO
SETEMBRO, XANEIRO
XULLO, XUÑO

# AS 7 DIFERENZAS

Aquí tes dúas capturas da páxina do colexio. Busca o que é distinto!






## RECOMENDACIÓNS LECTORAS PARA AS VACACIÓNS

# QUE LER?

Papá Noel, os Reis Magos ou o Apalpador. Pídelle agasallos a quen queiras, pero proba a escribir o título dun bo libro nas cartas que lles envíes. Vailles encantar!

### EDUCACIÓN INFANTIL




**OS SETE CABRITOS**. O conto clásico dos irmáns Grimm adaptado Xosé Ballesteros con ilustracións de Sofia F. Rodríguez. Dá gusto lelo!

+ INFO: Kalandraka Editora

### 1º E 2º DE E. PRIMARIA




**XINFU NA MALDICIÓN GUAUCHUKY** de Adrián Morgade. Xinfu e Wini levan unha vida tranquila, mais todo cambia cando Wini atopa un óso enterrado no seu xardín.

+ INFO: Edicións Xerais

### 3º E 4º DE E. PRIMARIA




**LÍA E AS ZAPATILLAS DE DEPORTE** de María Reimóndez. Onde e quen fabrican as zapatillas que calzamos? Un libro para pensar.

+ INFO: Edicións Xerais

### 6º E 5º DE E. PRIMARIA




**ESCAQUIS E ROMEU** de Antonio Manuel Fraga. Unha noite de treboada Escaquis apareceu misteriosamente para poñer patas arriba a existencia de Romeu.

+ INFO: Edicións Xerais ■